

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 24 de xaneiro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte catro de xaneiro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31154.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de xaneiro 2022.

2.31155.- DAR CONTA DA ACTA DO XURADO DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ (Expte. 2021042821)

A Deputación de Pontevedra, dentro das súas múltiples liñas de actuación no eido da igualdade, quere potenciar a realización de traballos de fin de grao e fin de máster realizados na Universidade de Vigo, nos campus de Vigo e de Pontevedra nos que se integre unha perspectiva de xénero.

A deputada delegada na Área de Igualdade desta Deputación, mediante resolución presidencial núm. 2021005585, de 27 de setembro de 2021, aprobou as bases reguladoras da VI edición dos premios *Sofía Novoa Ortiz* á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.

Resultando que con data 29 de setembro de 2021 se publican no BOPPO n^o188 as bases desta VI edición dos Premios *Sofía Novoa Ortiz*, presentándose a dita convocatoria as seguintes solicitudes:

- 7 solicitudes para a convocatoria de traballos de fin de grao.
- 6 solicitudes para a convocatoria de traballos de fin de máster.



De conformidade coa cláusula décima das bases reguladoras da VI edición dos premios *Sofía Novoa Ortiz*, nomease mediante resolución presidencial núm. 2021006882 de 19 de novembro de 2021, as persoas integrantes do xurado encargado de emitir o fallo. Dito xurado reúnese o 17 de decembro de 2021 co obxectivo de seleccionar os traballos presentados ós premios convocados, e deliberar os traballos premiados da VI edición dos premios *Sofía Novoa Ortiz* á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada do contido da Acta do xurado seleccionador da VI edición dos premios *Sofía Novoa Ortiz* á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, despois da reunión mantida o pasado 17 de decembro que é o seguinte teor:

“ACTA DO XURADO DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ

1. *Na sala de Comisións desta Deputación Provincial, ás dez horas e cinco minutos do día 17 de decembro de 2021, reúnen as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da VI Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster; presidido por Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: Maria A. Lorenzo Rial, didáctica das ciencias experimentais na Facultade das Ciencias da Educación e do Deporte. Universidade de Vigo, campus de Pontevedra; Silvia Pérez Freire, profesora na Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo Social, Universidade de Vigo, campus Ourense; Miriam Raposeiras Roubín, redactora xefa do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra; e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.*
2. *Relación de solicitudes presentadas á convocatoria.*
No BOPPO núm. 188 de 29 de setembro de 2021, publicáronse as Bases reguladoras da VI Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster. A esta convocatoria presentáronse un total de seis solicitudes para os Traballos de Fin de Máster e sete solicitudes para os Traballos de Fin de Grado.
3. *Relación de traballos presentados á convocatoria da VI Edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster*

TRABALLO FIN DE GRADO

- *Me cago en Ros.*
- *Planes de Igualdad como medida imprescindible en el ámbito laboral.*
- *A perspectiva de xénero nas aulas de educación primaria cun enfoque baseado en proxectos.*
- *¿Dulce Hogar?.*
- *Introversión á materia: Plasticidade como medio á conservación dun lugar asentado no olvido.*
- *Lactación materna e as súas repercusións na saúde mental da nai.*
- *Convite ao avecer.*



TRABALLO FIN DE MASTER

- Traballar a publicidade nas aulas con perspectiva de xénero
- A paridade na representación política da muller nos concellos clasificados como zonas pouco poboadas da Provincia de Pontevedra
- Gender Queer e a necesidade de especialización para traducir textos LGTB+: O caso das identidades non binarias
- Las Sinsombrero: voces silenciadas de la Generación del 27
- Innovación docente na aula de inglés: proposta de actividades para a inclusión das TIC e da perspectiva de xénero.
- Potencialidad del proyecto Red de Eco Huertas Escolares para incorporar los Objetivos del Desarrollo Sostenible en la Educación Primaria.

1. Análise dos 7 Traballos de Fin de Grado presentados á convocatoria

Titulo do Traballo	Puntuación
Me cago en Ros	IDENTIFICADA
Planes de Igualdad como medida imprescindible en el ámbito laboral	INCOMPLETO
A perspectiva de xénero nas aulas de educación primaria cun enfoque baseado en proxectos	80
¿Dulce Hogar?	IDENTIFICADA
Introversión á materia: Plasticidade como medio á conservación dun lugar asentado no olvido	Non perspectiva de xénero
Lactación materna e as súas repercusións na saúde mental da nai	Non perspectiva de xénero
Convite ao avencer	97

2. Análise dos 6 Traballos de Fin de Máster presentados á convocatoria

Titulo do Traballo	Puntuación
Traballar a publicidade nas aulas con perspectiva de xénero	82
A paridade na representación política da muller nos concellos clasificados como zonas pouco poboadas da Provincia de Pontevedra	95
Gender Queer e a necesidade de especialización para traducir textos LGTB+: O caso das identidades non binarias	50
Las Sinsombrero: voces silenciadas de la Generación del 27	85
Innovación docente na aula de inglés: proposta de actividades para a inclusión das TIC e da perspectiva de xénero	IDENTIFICADA
Potencialidad del proyecto Red de Eco Huertas Escolares para incorporar los Objetivos del Desarrollo Sostenible en la Educación Primaria	IDENTIFICADA



Tras a valoración de cada un dos traballos presentados a esta convocatoria e tendo en conta os criterios de valoración sinalados na base décima das bases reguladoras da VI edición dos premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster, as persoas integrantes do xurado acordan a concesión dos seguintes premios:

TRABALLOS DE FIN DE GRADO

Apelidos e Nome	DNI	Título	Premio
Nuria Ferreiro Amoedo	***8236**	Convite ao avencer	1.000 €
Carla Souto García	***8959**	A perspectiva de xénero nas aulas de educación primaria cun enfoque baseado en proxectos	1.000 €

TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER

Apelidos e Nome	DNI	Título	Premio
Marta Caldas Fariña	***7508**	A paridade na representación política da muller nos concellos clasificados como zonas pouco poboadas da Provincia de Pontevedra	1.000 €
Tania Souto Rodal	***8725**	Las Sinsombrero: voces silenciadas de la Generación del 27	1.000 €
Andrea Pérez Cambeiro	***8933**	Traballar a publicidade nas aulas con perspectiva de xénero	600 €

Sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión, ás 11:35 horas do día indicado, do que eu, como secretaria, dou fe”.

3.31156.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CONNECTADAS 2022” (Expte.2021063052)

A Deputación de Pontevedra convoca para o ano 2022 unha nova edición do programa “Conectadas”, que ten por finalidade contribuír a mellora da empleabilidade das mulleres e o seu mantemento no mercado de traballo, superar os malestares das mulleres derivados da desigualdade de xénero, e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías como ferramenta de uso na vida cotiá. Para levar a cabo este programa o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases para regular a concesión de axudas que van destinadas a asociacións e federacións sen animo de lucro e fundacións que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoien o desenrolo das mesmas e da súa actuación, o empoderamento das mulleres e do seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

Resultando que con data do 21/12/2021 o Secretario, informa as bases reguladoras do programa Conectadas para o exercicio 2022, entendendo que a posta en marcha deste programa está dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento e dos intereses xerais da provincia. Atendendo o exposto no apartado 4 deste informe, dende o Servizo de Igualdade tivéronse en conta os apuntes recollidos coma suxestións e omisións expostas, sendo corrixidos para continuación do expediente.



Resultando que con data do 10/01/2022 Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para aprobación das citadas bases, e deixa constancia da existencia de crédito dispoñible por importe de 324.000,00€, para facer fronte ao gasto con cargo a aplicación orzamentaria 22/250.2315.227.07, na que existe un crédito retido mediante documento RC nº202200008320.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Programa Conectadas para o exercicio 2022 e a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras do Programa “Conectadas” para o exercicio 2022.

Estas bases figuran co csv: LTU49C4HY4M53COL.

4.31157.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO 2022” (Expte.2021048151)

1º.- De conformidade có establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.

2º.- No artigo 2 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.



3º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en funcionamento o programa “EN RUTA COA DEPO 2022”.

Este programa, ten un grande arraigo na provincia, desenvolvéndose desde fai mais de 10 anos, participando preto de 20.000 persoas nas últimas edicións e ten por obxecto a concesión dunha excursión dentro da provincia de Pontevedra a entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de fomentar o tecido asociativo á vez que promociona e dá a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

Ofertaranse un total de 32 rutas por lugares emblemáticos da nosa provincia.

O programa consiste en pasar un día coñecendo os lugares sinalados na ruta asignada a cada entidade, cunha persoa do equipo de guías e inclúe o xantar, o transporte e as visitas guiadas.

4º.- Cada entidade poderá escoller, por orde de preferencia, tres rutas entre as ofertadas. A concesión das subvencións para este programa realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, a xefatura do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

Ofértanse máximo de 20.000 prazas, que serán outorgadas segundo esta orde de prevalencia:

- Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas de discapacidade, familia, infancia e menores.
- Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas restantes.
- Entidades sociais que presenten a súa solicitude de forma conxunta.
- Outras entidades sen ánimo de lucro.

Logo de ter en conta esta circunstancia a prelación será por orde de rexistro de entrada das solicitudes. Unha vez cubertas as 20.000 prazas ofertadas, o resto das solicitudes quedará en lista de agarda.



5º O custo da praza é de 34,86 €, e o programa será cofinanciado pola Deputación do seguinte xeito:

- As persoas beneficiarias do programa aboarán 13,50 €
- A Deputación asumirá a cantidade restante, resultante do prezo de adjudicación.
- Reservarase un total de 400 prazas gratuítas, das que a Deputación asumirá a totalidade do seu custo.

No caso de que non se cubra o total das prazas gratuítas reservadas para as persoas en situación de vulnerabilidade, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

6º.- Establécese unha contía consignada para este programa de catrocentos trinta e dous mil seiscientos euros (432.600,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 22/231.2311.227.07 do Orzamento da Deputación, para un total de 20.000 prazas.

7º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como poder se a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

8º.- Con data 18 de xaneiro de 2022 Intervención informe favorable o expediente para a aprobación das citadas bases, deixando constancia que *“(...) A contía prevista para este proxecto acada os 432.600,00 euros para un total de 20.000 prazas, imputables á aplicación 22/231.2311.227.07 na que existe crédito para tal fin retido mediante documento R.C. ním.202200007606 (...)”*.

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “EN RUTA COA DEPO” 2022, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Programa “EN RUTA COA DEPO 2022”.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co CSV: 9ZJ1DUAORTX364YR.

O Catálogo de rutas figura asinado dixitalmente co CSV: PHNDR0MMOC8JUE1P.

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>



5.31158.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A ELABORACIÓN DE “ESTUDOS TÉCNICOS DE XESTIÓN E PREVENCIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS” (Expte. 2021048475)

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 15 de outubro de 2021, aprobou as bases reguladoras da concesión de subvencións para a elaboración de estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais.

Esta liña de subvencións está destinada a financiar a redacción dos seguintes documentos relacionados entre si:

1. Estudo técnico de xestión e prevención de residuos municipais no que se integre un estudo económico da solución ou solucións propostas que sirva de base para a futura ordenanza fiscal.
2. Documento relativo á adaptación da ordenanza-modelo de xestión de residuos redactada polo Revitaliza ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención de residuos.
3. Documento relativo á adaptación da ordenanza-modelo fiscal redactada polo Revitaliza ás condicións de cada un dos concellos e ás solucións do estudo técnico de xestión e prevención de residuos.

Segundo. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 201, de data 19 de outubro de 2021, establecéndose un prazo de trinta días hábiles para a presentación das solicitudes.

Terceiro. Finalizado dito prazo o 1 de decembro de 2021, as solicitudes presentadas foron as seguintes:

Nº	Concello/ Entidade	Número de habitantes 2020	Contía máxima subvención
1	Gondomar	14.702	19.500 €
2	Grove, O	10.518	15.000 €
3	Illa de Arousa	4.932	12.000 €
4	Mondariz	4.410	12.000 €
5	Neves, As	3.803	9.000 €
6	Ponteareas	22.940	19.500 €
7	Poio	17.073	19.500 €
8	Redondela	29.241	22.500 €
9	Rosal, O	6.289	12.000 €
10	Salceda de Caselas	9.173	15.000 €



11	Sanxenxo	17.414	19.500 €
12	Silleda	8.861	15.000 €
13	Soutomaior	7.426	12.000 €
14	Tomíño	13.566	15.000 €
15	Tui	17.323	19.500 €
16	Valga	5.824	12.000 €
17	Vilagarcía	37.565	22.500 €

Cuarto. Observadas deficiencias nas solicitudes presentadas por catro Concellos (O Grove, Illa de Arousa, Poio e Salceda de Caselas), en data 2 de decembro de 2021 remitíronse a través da sede electrónica provincial os respectivos requirimentos para que procedesen a emendar as mesmas.

Quinto. Cumprimentados os devanditos requirimentos e verificados todos os expedientes polo persoal do Servizo de Asistencia Intermunicipal, comprobouse que os Concellos solicitantes presentaron en tempo e forma a documentación necesaria para a súa participación nesta convocatoria de acordo co disposto na base sexta.

Sexto. O 22 de decembro de 2021 emítese informe-proposta polo Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal no que se reflicte o informe do Comité de Expertos valorando as solicitudes presentadas, explicando o sistema de valoración seguido e relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación:

	CONCELLO	Puntuación total	Importe a conceder
1	Mondariz	94,34	12.000
2	Neves, As	75,92	9.000
3	Valga	67,56	12.000
4	Rosal, O	59,36	12.000
5	Illa de Arousa, A	49,07	12.000
6	Grove, O	48,14	15.000
7	Tomíño	47,21	15.000
8	Poio	33,61	19.500
9	Soutomaior	27,37	12.000
10	Salceda de Caselas	23,38	15.000
11	Sanxenxo	21,82	19.500
12	Tui	21,32	19.500
13	Gondomar	20,94	19.500
14	Vilagarcía de Arousa	19,52	22.500
15	Ponteareas	19,25	19.500
16	Silleda	18,22	15.000
17	Redondela	11,58	22.500
		TOTAL	271.500,00 €



Sétimo. O 17 de xaneiro de 2022 o Servizo de Intervención emite informe favorable á tramitación do expediente, reflectíndose que na aplicación 21/923.1623.762.59 do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto derivado das subvencións outorgadas.

Oitavo. O 18 de xaneiro de 2022 os integrantes da Comisión de avaliación, nomeados por Resolución Presidencial nº 2021007511, de 21 de decembro de 2021, prestan a súa conformidade ao citado informe-proposta relativo ás solicitudes presentadas á presente convocatoria.

Noveno. De acordo co disposto na base décima da presente convocatoria, o órgano instructor formulou proposta de resolución expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

“...Vistos os antecedentes de feito mencionados e o tratamento técnico exposto, e tendo en conta que de acordo co establecido na base cuarta da convocatoria resultarán seleccionadas aquelas solicitudes que obteñan a maior puntuación ata o límite orzamentario establecido na base terceira (100.000,00 euros) ou ata que se acade o número máximo de dez (10) entidades beneficiarias, formúlase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro. A concesión das seguintes subvencións solicitadas ao amparo da presente convocatoria, de acordo co seguinte detalle:

	CONCELLO	Puntuación total	Importe a conceder	Importe concedido
1	Mondariç	94,34	12.000 €	12.000 €
2	Neves, As	75,92	9.000 €	9.000 €
3	Valga	67,56	12.000 €	12.000 €
4	Rosal, O	59,36	12.000 €	12.000 €
5	Illa de Arousa, A	49,07	12.000 €	12.000 €
6	Grove, O	48,14	15.000 €	15.000 €
7	Tomíño	47,21	15.000 €	15.000 €
8	Poio	33,61	19.500 €	13.000 €
		TOTAL	106.500 €	100.000 €

No caso do Concello de Poio propónse a concesión dunha subvención por importe de 13.000 euros (6.500 euros menos do que lle correspondería), xa que con dita cantidade se alcanza o límite orzamentario establecido nas bases da convocatoria (100.000 euros)

Unha vez notificado o acordo de concesión, entenderase que o Concello de Poio acepta a subvención nestes termos se transcorridos dez días naturais non renuncia expresamente á mesma; en caso de renuncia, propónse outorgar unha subvención por importe de 12.000 euros ao Concello de Soutomaior, seguinte na lista en función da puntuación acadada, chegando o crédito disposto a 99.000,00 euros.



Segundo. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 100.000,00 euros con cargo á aplicación 21/923.1623.762.59 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito adecuado e retido para tal fin (RC nº 202100188315).

Terceiro. De acordo co establecido na base décima, os beneficiarios da subvención deberán redactar e presentar os estudos técnicos e demais documentación no prazo de oito (8) meses contados a partir da notificación da concesión da subvención.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2021.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 10 da convocatoria relativa á instrución e procedemento que indica que lle corresponde ao Servizo de Asistencia Intermunicipal realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2021, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigos 17 e ss. da Ordenanza Xeral que regulan os procedementos de concesión de subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables.
- Base reguladora 11ª da convocatoria, que establece que unha vez aceptada a proposta de resolución definitiva o órgano competente resolverá o procedemento; a resolución deberá motivarse e deberá conter a relación de solicitantes aos que se concede a subvención, facendo constar, no seu caso, a desestimación do resto das solicitudes de maneira expresa.

De acordo co exposto, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, vista a proposta de resolución do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, que se acepta na súa integridade e que se incorpora á presente proposta de acordo como parte integrante da mesma (CSV:RYLS7O8NR1HYW1BX), e visto, así mesmo, o informe da Intervención provincial, de data 17 de xaneiro de 2022, favorable á tramitación do expediente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. A concesión das seguintes subvencións solicitadas ao amparo da presente convocatoria, de acordo co seguinte detalle:

	CONCELLO	Puntuación total	Importe a conceder	Importe concedido
1	Mondariz	94,34	12.000 €	12.000 €
2	Neves, As	75,92	9.000 €	9.000 €
3	Valga	67,56	12.000 €	12.000 €
4	Rosal, O	59,36	12.000 €	12.000 €
5	Illa de Arousa, A	49,07	12.000 €	12.000 €
6	Grove, O	48,14	15.000 €	15.000 €
7	Tomiño	47,21	15.000 €	15.000 €
8	Poio	33,61	19.500 €	13.000 €
		TOTAL	106.500 €	100.000 €



No caso do *Concello de Poio* a concesión da subvención acada o importe de 13.000 € (6.500 € menos do que lle correspondería), xa que con dita cantidade se alcanza o límite orzamentario establecido nas bases da convocatoria (100.000 €)

Unha vez notificado o acordo de concesión, entenderase que o *Concello de Poio* acepta a subvención nestes termos se transcorridos dez días naturais non renuncia expresamente á mesma; en caso de renuncia, outorgarase a subvención por importe de 12.000 euros ao Concello de Soutomaior, seguinte na lista en función da puntuación acadada, chegando o crédito disposto a 99.000,00 €.

Segundo. Desestimar o resto de solicitudes tendo en conta que de acordo co establecido na base cuarta da convocatoria resultarán seleccionadas aquelas que obteñan a maior puntuación ata o límite orzamentario establecido na base terceira (100.000,00 €) ou ata que se acade o número máximo de dez (10) entidades beneficiarias.

Terceiro. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 100.000,00 € con cargo á aplicación 21/923.1623.762.59 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito adecuado e retido para tal fin (RC nº 202100188315).

Cuarto. De acordo co establecido na base décima, os beneficiarios da subvención deberán redactar e presentar os estudos técnicos e demais documentación no prazo de oito (8) meses contados a partir da notificación da concesión da subvención.

Quinto. Darlle traslado do presente acordo xunto coa proposta de resolución do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal (CSV:RYLS7O8NR1HYW1BX) aos Concellos participantes nesta convocatoria, Intervención, Servizo de Asistencia Intermunicipal, Gabinete de Presidencia e Vicepresidencia.

6.31159.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 - INVESTIMENTO, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SENDA PEONIL NO ACCESO Á PRAIA DE AGUETE E.P. 1205. CONCELLO DE MARÍN” (ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO DE MOBILIDADE)” (Expte.2021064214)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-0425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, repártese entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local polo que no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 13/12/2021 por rexistro WEB2021048144 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Marín* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 69.252,52 €, con destino ao financiamento da achega municipal da anualidade 2022 para o convenio coa Deputación do investimento, “*Senda peonil no acceso á praia de Agüete E.P. 1205*”, cun orzamento de 230.841,73 €.

A financiación do convenio e a petición do *Concello* de financiar a chega municipal con cargo ao Plan Concellos queda configurada tal e como se establece nas seguintes táboas:

Convenio	Achega	%
Deputación de Pontevedra	161.589,21 €	70
concello de Marín	69.252,52 €	30
TOTAL	230.841,73 €	100

Financiación de parte da achega municipal con cargo ao Plan Concellos 2022-2023:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención € a cargo do POS	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas €
2022	230.841,73 €	69.252,52 €	161.589,21 € (Convenio con Deputación)

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, precisando que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico, licitación, dirección, execución e recepción das obras. Emporiso, a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase ás normas do plan que se cofinancia coa achega a cargo do POS 2022-23.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprende a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino ás súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintas de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes dos servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, de data 03/11/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/01/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 69.252,52 €, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “*Senda peonil no acceso á praia de Agnete E.P. 1205. Concello de Marín*”, do convenio de mobilidade entre Concello e a Deputación, (expediente: 2021064214) cun orzamento polo importe de 230.841,73 € distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos Propios
2022	230.841,73	69.252,52	161.589,21	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	230.841,73	69.252,52	161.589,21	0,00



- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas que prescribe o Convenio de Mobilidade que se co-financia, sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de Marín* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

7.31160.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DO MERCADO DE SEIXO MARÍN” (ACHEGA MUNICIPAL AO REACPON). (Expte. 2021064305)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das *Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-0425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 13/12/2021 por rexistro WEB2021048105 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Marín* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 182.686,13 euros, con destino ao financiamento da achega municipal do programa



REACPON para a execución da actuación denominada “*Humanización do contorno do mercado de Seiño Marín*”, subscrito coa Deputación de Pontevedra, cun orzamento de 730.744,52 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	730.744,52	182.686,13	548.058,39	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	730.744,52	182.686,13	548.058,39	0,00

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, precisando que a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as norma do plan que se co-financia coa achega a cargo do POS 2022-2023, sendo aquel plan o “Plan de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19, Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)”.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª e 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 12/01/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/01/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/01/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 182.686,13 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “*Humanización do contorno do mercado de Seixo Marín*”, do Programa REACPON, (expediente: 2021064305) cun orzamento polo importe de 730.744,52 euros distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios
2022	730.744,52	182.686,13	548.058,39	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	730.744,52	182.686,13	548.058,39	0,00

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa REACPON e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, “Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) aprobado por acordo plenario núm. 7.7624 de 28/05/2021 (BOPPO nº 102 do 01/06/2021) sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de Marín* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

8.31161.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ANTERO RUBÍN E CANÓNIGO VALIÑO, TUI (ACHEGA MUNICIPAL Ó REACPON)”.
 (Expte. 2022001737)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 12/01/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Tui na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 179.450,53 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ó programa REACPON para a execución



da actuación denominada “*Humanización da ría Antero Rubín e Canónigo Valiño, Tu?*”, subscrito coa Deputación de Pontevedra, cun orzamento por importe de 897.252,63 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	897.252,63	179.450,53	717.802,10	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	897.252,63	179.450,53	717.802,10	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso a autorización da dirección de patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aportando dita autorización.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida; precisando que a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase as normas do plan que se co-financia coa achega a cargo do POS 2022-2023, sendo aquel plan o “Plan de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19, Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)”.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª e 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 13/01/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/01/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/01/22., a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* CIF P3605500B a cantidade de 179.450,53 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “*Humanización da ría Antero Rubín e Canónigo Valiño, Tui*”, do Programa REACPON (Expte.2022001737) cun orzamento polo importe de 897.252,63 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	897.252,63	179.450,53	717.802,10	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	897.252,63	179.450,53	717.802,10	0,00

- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa REACPON e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, “Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) aprobado por acordo plenario núm. 7.7624 de 28/05/2021 (BOPPO nº 102 do 01/06/2021) sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o concello de Tui deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.31162.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE XESTIÓN DO CASTELO DE SOBROSO”. (Expte. 2021036804)

A Deputación de Pontevedra, desde o ano 2014, ten cedido o uso, a título gratuito, da edificación e finca do Castelo de Sobroso, propiedade do Concello de Pontearreas, co fin de integrar o conxunto monumental na rede de recursos turísticos da Institución Provincial, e incrementar, completar, estruturar e comunicar de forma eficiente a oferta turística complementaria das Rías Baixas baseada no patrimonio cultural, histórico e artístico.

O servizo de Turismo Rías Baixas, no ano 2016, elaborou un plan de dinamización dos Castelos xestionados pola Deputación de Pontevedra, que contemplou varias accións dirixidas a posicionar o Castelo de Sobroso como un dos principais recursos turísticos culturais do destino Rías Baixas. Entre as referidas accións atopábanse a reforma das instalacións e a tala do recinto, xa executadas, e a musealización do Castelo, na que o servizo Turismo Rías Baixas está a traballar de acordo coas directrices do Plan Estratégico Provincial de Turismo 2021-2023, e para a que faise necesaria a contratación externa da xestión do Castelo.



En base ao exposto, con data 17 de agosto do 2021, a xefa do servizo de Turismo rías Baixas, emite informe no que, co visto e prace da deputada, propón a contratación dun servizo de xestión do Castelo de Sobroso. O contrato proposto ten un prazo de duración de un ano, coa posibilidade de tres prórrogas anuais, e un orzamento base de licitación de 147.670,82 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 18 de agosto do 2021, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo do Anexo IV da LCSP, coas especialidades do artigo 312 LCSP para contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 18 de agosto do 2021, solicita o preceptivo informe á Secretaría. Con data 27 de agosto do 2021, á vista de que as ordenanzas reguladoras do servizo e da taxa atópanse en tramitación, a Secretaría Xeral devolve o expediente co fin de que se proceda con carácter previo á aprobación do réxime xurídico da actividade.

Visto que, con data 20 de outubro do 2021, aprobadas inicialmente ás devanditas ordenanzas, o servizo de Contratación solicita de novo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 27 de outubro do 2021, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Turismo Rías Baixas e de Contratación, reflectida nos seus respectivos informes de data 11 e 15 de novembro do 2021.

Visto que con data 15 de novembro do 2021, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto o informe complementario emitido, a petición da Intervención, polo servizo de Turismo, de data 4 de xaneiro do 2022, para xustificar os criterios de adxudicación non automáticos.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 11 de xaneiro do 2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Reiterar que os pregos de prescricións técnicas particulares non deberían conter declaracións ou cláusulas que deban figurar no prego de cláusulas administrativas particulares (art. 68.3 do RXLCAP), coma o prazo de execución. Non obstante, no PCAP recóllese que, en caso de discrepancia, prevalecerá o recollido no PCAP.”



Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Visto que con data 10 de xaneiro do 2022, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202200008243 polo importe de 110.753,11 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/433.3363.227.99 do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202200008246 polo importe de 36.917,71 €.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de Xestión do Castelo de Sobroso*”.

O prazo de duración será de un ano, contado desde a data que figure na correspondente acta de inicio.

Prazos parciais: No prego de prescricións técnicas establécense os prazos, periodicidade e requisitos dos distintos entregables que deberá achegar a empresa adxudicataria para a correcta prestación do servizo (Plan Anual de Xestión, Memoria anual, Informes, Proposta de ferramenta informática de control e o seu desenvolvemento e implementación).



O Plan de xestión deberá ser conformado polo servizo de Turismo Rías Baixas. No prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da súa conformidade polo citado servizo, a empresa deberá dotar ás instalacións obxecto de contrato da totalidade dos medios necesarios de acordo co Plan de Xestión e o especificado nos pregos. O persoal deberá estar contratado, a máis tardar, á data de apertura do Castelo, debendo recibir con anterioridade a formación precisa para a prestación dos servizos e a xestión do Castelo.

A empresa adxudicataria deberá proceder á apertura total do Castelo no prazo sinalado polo servizo de Turismo Rías Baixas, que o comunicará cunha antelación suficiente. Con anterioridade a súa apertura e posta en funcionamento, o servizo de Turismo Rías Baixas verificará o cumprimento dos requisitos esixidos e o estado do Castelo, así como a súa adecuación ao Plan de xestión presentado e aos pregos, a efectos de prestar a súa conformidade coa apertura, que se reflectirá na correspondente acta de inicio.

Establecese a posibilidade de tres prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 147.670,82 €.

O valor estimado é de 488.168,00 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: KKKW2XHNRDPHXCMZ) e de prescricións técnicas (CSV: 84O64HN139GJX3SB) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 147.670,82 €, dos cales a cantidade de 110.753,11 € irá con cargo á aplicación orzamentaria 22/433.3363.227.99 do vixente orzamento provincial, e a cantidade de 36.917,71 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2023.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2023 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Ruth González Reyes, xefa do servizo Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



10.31163.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA “RENOVACIÓN DO LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, A TRAVÉS DUN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 13/2018 DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE SERVIDORES, SISTEMAS DE ALMACENAMENTO E SOFTWARE DE INFRAESTRUTURA”.
(Expte. 2021052401)

Actualmente a Deputación de Pontevedra dispón dun modelo de licenciamiento para os paquetes ofimáticos e sistemas operativos recollido baixo os acordos OPEN VALUE SUBSCRIPTION GOBIERNO y SCHOOL AGREEMENT do fabricante Microsoft grazas á contratación da subministración de licenzas Microsoft baixo acordos Open Value subscription Gobierno y School agreement, cunha duración dun ano (Expte: 2019062799). Este software permite que os traballadores da Deputación poidan realizar as súas funcións administrativas e técnicas e deste xeito prestar un servizo á cidadanía e institucións no marco das súas competencias segundo o art. 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

O Xefe de Servizo de Novas Tecnoloxías informan que para o seguinte período de contratación a Deputación de Pontevedra segue apostando por este modelo de licenciamiento do fabricante Microsoft dadas as vantaxes nos custos dos produtos a longo prazo, a interoperabilidade entre as aplicacións, a produtividade do persoal en función das ferramentas utilizadas, a eficiencia das propias ferramentas e o soporte dispoñible para cada produto. Este fabricante dispón dunha solución completa, homoxénea e de alta calidade, cuxos beneficios a longo prazo xustifican o custe destas ferramentas. Por iso, aínda que no mercado existen outras solucións, estas non ofrecen as mesmas prestacións.

Dado que a Deputación non conta cos medios materiais e humanos para levar a cabo este subministro, é necesario realizar unha contratación, xa que é un produto moi específico, mediante a cal os diferentes distribuidores (partner) poderán acceder á licitación pública para a presentación de ofertas por medios electrónicos.

Para a axilidade e demais vantaxes nos procedementos de contratación pública, a Deputación de Pontevedra adheriuse, no seu día, ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Hacienda.

Na Administración Xeral do Estado úsase o Sistema de Contratación Centralizada Estatal como sistema de contratación específico de bens, obras e servizos que polas súas especiais características son susceptibles de ser utilizados con carácter xeral por todos os seus departamentos. Son os denominados bens, obras e servizos de utilización común. A competencia da contratación neste contexto corresponde á Xunta de Contratación Centralizada ou á Dirección Xeral de



Racionalización e Centralización da Contratación, que opera, respecto do ámbito da Administración Xeral do Estado, os seus Organismos autónomos, Entidades xestoras e Servizos comúns da Seguridade Social e demais Entidades públicas estatais, como Central de Contratación única.

As vantaxes que proporciona este sistema son as seguintes:

- ✓ Axilidade na contratación: o sistema permite tempos de contratación notablemente inferiores ós dos procedementos convencionais de contratación.
- ✓ Importantes aforros na contratación pública, aforros que benefician tanto a os organismos petitionarios como ás empresas, xa que en moitos casos están derivados da simplificación de procedementos.
- ✓ Transparencia e seguridade na contratación: taxa de incidencias inferior ó 0,2%.
- ✓ Facilitade na tramitación ó estar habilitada a vía electrónica.
- ✓ Implantación de actuacións no campo das compras públicas.
- ✓ Normalización e estandarización.
- ✓ Soporte a outras políticas: calidade, medio ambiente, políticas de carácter social, etc.

Resultando que dende o servizo de Novas Tecnoloxías necesítanse realizar compras recorrentes sobre a adquisición de diverso equipamento software informático, a opción de poder adherirse ao sistema de catálogo centralizado resulta moi beneficiosa en aforro de tempos e custes.

Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 23 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adoptou o acordo de solicitar a adhesión ao Acordo Marco 13/2018 “Subministro de servidores, sistemas de almacenamento software de infraestrutura” resolvendo a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación de xeito positivo, a dita solicitude, con data de efectos desde o 24 de novembro de 2020.

O xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías informa que para a presente contratación invitarase ás empresas que figuran dentro do lote 3 do AM 13/2018, a que presenten ofertas a través la plataforma de licitación da Deputación de Pontevedra (Vortal).

O importe máximo do contrato, axústase ao prezo xeral de mercado, e ascenderá a 397.657,45€ (328.642,52 € máis o correspondente IVE 21%, 69.014,93€), e imputarase á aplicación orzamentaria 22/926.9260.206.00.

Tendo en conta o informe favorable do documento de licitación emitido pola Subdirectora Xeral de Contratación Centralizada de Tecnoloxías, de data 10 de decembro de 2021.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaria Xeral, de data 20 de decembro de 2021.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 14 de xaneiro de 2022.



Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación da renovación do licenciamiento para o software da Deputación de Pontevedra mediante Central de Contratación do Estado mediante un contrato baseado no AM 13/2018 “*Subministración de servidores, sistemas de almacenamento, software de infraestruturas*” da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado, polo seguinte importe:

Importe sen IVE: 328.642,52 €
IVE (21%): 69.014,93 €
Importe IVE incluído: 397.657,45 €

2.- Aprobar o documento de nova licitación (CSV: BEHRWY6IGLH3ZPMY) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar gasto polo importe máximo de 397.657,45 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/926.9260.206.00.

4.- Nomear responsable do contrato a Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 3 do acordo marco 13/2018 do sistema estatal de contratación centralizada, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 12 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica Vortal.



11.31164.- AUTORIZACIÓN PARA REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III. LOTE 2”. (Expte. 2020019248)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/05/2020, acordou aprobar entre outros, o proxecto de execución da obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”, cun orzamento base de licitación de 928.233,39 € IVE incluído.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/03/2021 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o contrato obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”, por un importe de 810.162,11 € IVE Incluído e un prazo de execución de DOCE (12) MESES.

Resultando.- Que con data 22/04/2021 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 22/05/2022.

Resultando.- Que mediante informe emitido polo Director de obra na data 01/12/2021 solicítase a autorización de redacción do proxecto modificado da obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”

Resultando.- Que con data 10/01/2022 emitiu informe o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dos contratos. Esta regulación está baseada no principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, e require que se adecue a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 Lcsp. O director de obra recolle no seu informe que o valor da modificación non supón unha alteración na contía do contrato que exceda o 15% do prezo inicial do proxecto, xa que a valoración económica estimada do modificado non supón incremento do importe do proxecto inicial. O modificado non require dunha clasificación do contratista diferente á que se exixiu no procedemento de licitación orixinal. O modificado non altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial, sen existir a necesidade de introducir unidades de obra novas para executar as modificacións plantexadas. Non se aprecia polo exposto polo director de obra no seu informe, que se vaian a incluír unidades non contempladas no proxecto inicial. Tendo en consideración a limitación do coñecemento técnico en enxeñería civil e das cuestións técnicas na obra e no proxecto, nos apoiamos nestas conclusións na competencia e afirmacións do director de obra, que parecen razóns fundadas que se realice un proxecto independente de maior entidade, co fin de procurar unha maior



seguridade viaria e funcionabilidade no vial. Con respecto á necesidade de acometer novas actuacións de mellora do firme deberá determinarse de forma máis clara na memoria do proxecto a que estradas esta destinadas, sendo rechamante que a previsión do importe do modificado sexa a 0, coincidindo o importe das novas necesidades co importe exacto das deixadas de acometer. Polo exposto, non vemos inconvinte a unha posible autorización de redacción do proxecto modificado...”

Considerando.- Que as actuacións recollidas no Plan Móvese, céntrase no calmado de tráfico, considerando que unha redución efectiva de velocidade implica tamén unha mingua drástica do número de accidentes, así coma dunha habilitación correcta da mobilidade dos pasos de peóns existentes. As distintas actuacións a executar dependerán do entorno onde se coloquen os citados pasos de peóns sobreelevados ou os redutores físicos de velocidade de vehículos, xa que a fin do proxecto en cuestión non é realizar PPS ou RFVV unicamente, senón que se pretende crear espazos de coexistencia equitativa para todos os sistemas de desprazamento nun contorno viario seguro e tranquilo, definindo o propio proxecto a potestade da Dirección Facultativa para a localización exacta de cada PPS ou RFVV e as partidas a executar en cada zona, estudando o entorno de cada actuación, e valorando a necesidade e/ou viabilidade de executar as partidas contempladas no proxecto, execución de áreas seguras reservadas para o peón ao comezo e ao final de cada paso, mediante execución de novas beirarrúas ou sinalizando con pintura acrílica sobre o PPS executado a zona reservada para o peón, etc.

O número de actuacións definidas no proxecto ven sendo de 166, distribuídas en 73 estradas provinciais e 24 concellos.

Considerando.- Que o director de obra recolle na súa solicitude de redacción deste proxecto modificado, que con motivo do desfasamento no tempo transcorrido entre o estudo do proxecto e a implantación dos traballos para a execución das actuacións proxectadas, existen una serie de necesidades de cambios imprevistos motivados polo deterioro do pavimento do vial, trocos de necesidades de redución da velocidade no tramo en cuestión, e intervención doutras obras no lugar da implantación dos redutores de velocidade e pasos de peóns sobreelevados.

Concretamente propón as seguintes modificacións

- Adaptación do proxecto á realidade da zona e ás necesidades no momento de execución dos traballos.
- Resolución de problemas nas capas de firme existente nos puntos onde é necesario implantar o redutor físico de velocidade.
- Incorporación de actuacións debido a erros de transcripción da documentación a estudo do proxecto no reflexo do mesmo.
- Modificación da actuación por mor doutros proxectos.
- Redistribución da sinalización viaria debido ao solapamento das actuacións entre elas e o solapamento coa sinalización da mesma estrada.



- Variación do número de actuacións con puntos luminosos
- Necesidade de dispoñer dun novo colector de pluviais na traza da EP 1011 no ámbito da actuación.

Considerando.- Que engade o director de obra que tras realizar un estudo pormenorizado dos condicionantes existentes a día de hoxe, xurde a necesidade de modificar ou ampliar as actuacións, tendo por resultado un total de 186 actuacións definitivas.

Por último, xustifica a modificación segundo o recollido no artigo 205.2.c) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, pois considera que estas modificación non son substanciais, estimando o valor da modificación nun 14,71 % con respecto o proxecto inicial, non introducindo no proxecto modificado unidades de obra novas.

Considerando.- Que o papel do TXUE foi fundamental para determinar como e con que condicións son conformes ás regras da contratación pública as modificacións das condicións dun contrato. Convén recordar a principal doutrina e as súas prácticas. Podemos afirmar como *“leading case”* a Sentenza de 29 de abril de 2004 (Succhi di frutta)F26F, onde o Tribunal de Xustiza, aborda en profundidade os límites e requisitos da modificación dun contrato público ó analizar a obriga dos poderes adxudicadores de cumprir cos documentos do contrato: *“O principio de igualdade de trato entre os licitadores (...) impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ó formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores...”*

O que se pretende coa doutrina desta sentenza, en palabras do propio Tribunal é que: *“todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións, co fin de que, por unha parte, todos os licitadores razoablemente e normalmente dilixentes podan comprender o seu alcance exacto e interpretalos da mesma forma e, por outra banda, a entidade adxudicadora poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas polos licitadores responden ós criterios aplicables ó contrato se que se trata”*

Considerando.- Que o principio de igualdade de trato dos licitadores, que ten o obxecto de favorecer o desenvolvemento de unha competencia sana e efectiva entre as empresas que participen nunha licitación pública, exige que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades de formulación dos termos das súas ofertas e implica pois que estas se sometan ás mesmas condicións para todos os competidores (sentenza do Tribunal de Xustiza de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110).

Considerando.- Que o profesor Gimeno Feliu no estudo da *“modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable”* afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser elo así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico recollido polo artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ó arbitrio dunha das partes.



En los contratos de obras deben concurrir razóns técnicas imprevisibles en el proxecto orixinario y no simplemente defectos o meras imprevisións en el proxecto (CEst Dict 50668/1987, 17-6-87; 79/1993, 1-4-93).

Considerando.- Que a Administración ten o ius variandi, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas .

Considerando.- Que a modificación acórdase polo órgano de contratación e é obrigatorio para o contratista. As modificacións non poden ser utilizadas como modo de alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que se lesione os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrencia. Só pode modificarse o contrato:

- a) Ben cando así se previu nos pregos. Limitase a previsión de modificación aos pregos tratándose de contratos administrativos (LCSP art.203.2.a), suprimindo a referencia ao anuncio de licitación.
- b) Ben nos casos e cos límites establecidos na LCSP, sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias.

Considerando.- Que en particular non cabe a modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que no prego de condicións administrativas que rexe o contrato non se contemplou circunstancias previas que permitisen realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205 e seguintes.

Considerando.- Que do informe emitido polo director de obra non se desprende que se queiran engadir prestacións complementarias ás existentes no proxecto.

Considerando.- Que coa prerrogativa de modificación non se pode crear un contrato novo distinto do contrato primitivo, senón simplemente introducir alteracións ou variacións no proxecto orixinario, pois noutro caso estaríanse a burlar os principios de publicidade e concorrencia (CEst Dict 50641/1987, 12-11-87; 51698/1988, 25-2-88; 4350/1997, 6-11-97).



Considerando.- Que fóra dos devanditos casos en que a LCSP permite a modificación, ha de resolverse o contrato en vigor e celebrar outro con novas condicións, conforme prevén a LCSP art.203.2 e 211. g, e de acordo coa Dir 2014/24/UE art.73.a e Dir 23/2014/UE art.44.a

Considerando.- Que en canto ó interese público da modificación, o carácter restritivo con que a lexislación de contratos contempla as modificacións de contratos adxudicados como excepción á regra pacta sunt servanda, soamente xustifícase por razóns de interese público (JCCA 23/2011, 28-10-11).

O interese público ha de ser claro, patente e indubitado (CEst Dict 42179/1979, 17-5-79), e xustificado polo órgano de contratación no expediente tramitado a tal fin (CEst Dict 55586/1990, 10-1-91; 3062/1998, 10-9-98).

A facultade de modificación so pode exercitarse cando la aparición de novas necesidades materiais, non contempladas antes da perfección do contrato, o faga indispensable para o mellor servizo do interese público (CEst Dict 41914/1979, 24-5-79).

O interese público perseguido é a na necesidade de aumentar a seguridade viaria e peonil en toda a rede de estradas da provincia

Considerando.- Que o director de obra sinala que as modificacións propostas son “as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fan necesarias” para cumprir cos obxectivos do interese público previsto.

Considerando.- Que unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio.

Unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

- a. Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. Dáse o suposto previsto cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.
Só as modificacións esenciais do contrato, que sexan capaces, no caso concreto, de falsear a competencia no mercado de que se trate e de dar preferencia aos contratistas do adxudicador público fronte a outros posibles prestadores de servizos xustifican a realización dun novo procedemento de adxudicación.



Hai que presumir a existencia dunha modificación esencial sempre que non caiba excluír que as condicións orixinais, menos favorables, disuadisen a outros prestadores de servizos de participar na licitación por un contrato público, ou que, á vista das novas condicións contractuais poderían estar agora interesados na licitación, ou que coas novas condicións podería facerse co contrato un licitante que no seu día non o conseguiu (TJUE 19-6-08, C-454/06).

- b. Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. Prodúcese a alteración, de acordo co precepto, cando como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introdúzanse unidades de obra novas cuxo importe represente máis do 50% do orzamento inicial do contrato.
- c. Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. Amplíase de modo importante o ámbito do contrato cando:
 - O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15% do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10%, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que para os contratos harmonizados e en función do tipo de contrato fíxanse na LCSP art.20 a 23.
 - As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación atópanse dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Considerando.- Que sinala o director de obra que a cantidade estimada do modificado non vai a exceder do 15%, xa que a valoración económica estimada do modificado non supón incremento do importe do proxecto inicial, nin se require unha clasificación do contratista diferente á que esixiuse no procedemento de licitación inicial; Tamén afirma que o modificado non alterará o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista.

Considerando.- Que cabe engadir que resulta necesario recabar do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia ó contratista e redactor do proxecto, polo prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así coma dos gastos complementarios precisos.

Considerando.- Que non obstante, poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 % do prezo primitivo do contrato.



Considerando.- Que para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

Artigo 102: “*..Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente...*”

Artigo 158: “*..Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación...*”

O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.

Artigo 162.2: “*Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o directo de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas...*”

Artigo 141.2: “*...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto.*”

Artigo 234.3: “*..Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións: a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma. b) Audiencia do contratista e redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días...*”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o valor estimado douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar a redacción da modificación do proxecto básico e de execución da obra “Plan MÓVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”.
- O proxecto modificado deberá remitirse ao servizo de Contratación, debidamente supervisado, xunto cun informe do responsable do contrato onde se recolla o seguinte:
- a) Deberá indicar se se alteran ou non as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e dicir, o contemplado no proxecto e na oferta da empresa adxudicataria.
 - b) Informe sobre se o proxecto se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.
 - c) Se, no caso de modificación que supoña a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características defiran das fixadas, podería entenderse que os prezos recollidos adecúanse aos prezos de mercado, e, como establece o artigo 158 do R.D. 1098/2001, baséanse nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e, en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adxudicación.
 - d) Nese caso, terá que aportar a acta de contradición de prezos a orixe, coa baixa da adxudicación asinada pola empresa contratista.
 - e) Indicar cal é a porcentaxe de unidades que se variou con respecto ao inicial, e cuantificalas economicamente.
 - f) Establecer un prazo para a finalización da obra desde a data de aprobación do proxecto modificado, no caso de que fora así.
 - g) Indicar se houbo excesos de medicións ata o momento, e de habelos deberá introducilos no proxecto modificado.

12.31165.- NOMEAMENTO DO DIRECTOR DA OBRA “MELLORA E DOTACIÓN DE SERVIZOS DAS RÚAS 2 E 3 NA URBANIZACIÓN SANTA EULALIA NA CONTORNA DA POUSADA (CONCELLO DE RIBADUMIA)”. (Expte. 2021037023)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de decembro de 2021, acordou nomear director a obra “Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)” o enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.

Resultando.- Que con data 14/01/2021 recibíuse no Servizo de Contratación, comunicación do Servizo de Infraestruturas indicando que para levar a cabo a dirección desta obra, adxudicouse o contrato “Asistencia técnica para a dirección de obra do proxecto “Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)” á empresa ADIU, S.L. (CIF B36100717).



Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”

Considerando.- Que en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento o Órgano de Contratación deste contrato e a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o nomeamento de *D. Jaime Ruibal de Sola* como director da obra “*Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)*”.
2. Nomear director da obra “*Mellora e dotación de servizos das rúas 2 e 3 na Urbanización Santa Eulalia na contorna da Pousada (Concello de Ribadumia)*” ó enxeñeiro adscrito á empresa ADIU, S.L, *Don Carlos Rosón Gasalla*.

13.31166.- NOMEAMENTO DO DIRECTOR DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NA E.P. 1005 VISO-HÍO (CONCELLO DE CANGAS)”. (Expte. 2021005584)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de outubro de 2021, acordou nomear director da obra *Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 VISO-HÍO (Concello de Cangas)*” á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, *Dona Andrea Otero Otero*.

Resultando.- Que con data 14/01/2021 recibíuse no Servizo de Contratación, comunicación do Servizo de Infraestruturas indicando que consta no expediente un documento previo á adxudicación deste procedemento onde se propón cambiar a dirección desta obra ó enxeñeiro do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais *D. Francisco Alonso Fernández*.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”



Considerando.- Que en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento o Órgano de Contratación deste contrato e a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o nomeamento de *Dona Andrea Otero Otero* como directora da obra “*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)*”.
2. Nomear director da obra *Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)*” ó enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas *D. Francisco Alonso Fernández*.

14.31167.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA”. (Expte.2021047524)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión do 26 de novembro de 2021 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería para o exercicio 2022, aprobando tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na referida contratación.

Resultando que en data 26 de novembro de 2021 publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do sector Público) o anuncio de licitación de dito procedemento xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares e de prescricións técnicas, concedendo un prazo para a presentación de proposicións de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.

Resultando que a Xunta de Goberno en sesión do 3 de decembro de 2021 acordou rectificar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares, publicar dito prego rectificado no perfil do contratante, e reiniciar o cómputo do prazo para a presentación de ofertas.

Resultando que en data 3 de decembro de 2021 publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do sector Público) o anuncio de rectificación do prego concedendo un novo prazo para a presentación de ofertas.

Resultando que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e técnica a presentar polas empresas que participan neste procedemento aberto simplificado.



Resultando que na referida sesión, o secretario da Mesa de Contratación informou que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

Resultando que no momento de descriptación e descarga dos sobres, a Mesa de Contratación comprobou que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ó efecto, polo que a Mesa propón ao órgano de contratación declarar deserto o procedemento, ao considerar constatado que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición na referida plataforma.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base 16ª.2a) de execución do orzamento da Deputación do ano 2022, que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aceptar a proposta da Mesa de Contratación e declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería para o exercicio 2022 (Expte. 2021047524), por non presentarse ningunha proposición en tempo e forma para optar á adxudicación deste contrato.

15.31168.- DEIXAR SEN EFECTO O ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 23 DE DECEMBRO DE 2021 (Nº7.31104) E APROBAR O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO, DO “SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DEPOTERMAL 2022”. (Expte. 2021043124)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, leva a cabo o plan de termalismo social Depotermal 2022 que ten como finalidade facilitar aos veciños e veciñas da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros. Así mesmo, pretende ser un plan dinamizador da economía da provincia, impulsando a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade, desestacionalizando a demanda.



Trátase dun plan cun claro obxectivo social, xa que facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e tamén como tratamento sanitario, pero que ofrece tamén bos resultados en termos de sustentabilidade económica para a provincia.

Este programa está dirixido a persoas empadroadas na provincia de Pontevedra nadas antes de 1972, que teñan a condición de pensionistas ou que precisen un respiro familiar. A súa participación no programa poderá ser nunha das dúas modalidades que se ofrecen:

- Programa de asistencia diaria a instalacións termais durante cinco días consecutivos en xornada de mañá ou tarde, que contará con 1.248 prazas
- Programa termal de pernoita en réxime de pensión completa de domingo a venres, que contará con 3.186 prazas.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, remite ó Servizo de Contratación informe proposta (csv F7HKC3WL5VZCAGFO) solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación do servizo de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa “Depothermal 2022”*” dentro do ámbito dos programas de participación social.

Xunto coa referida proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerán na contratación. Resultando que con data 3/11/2021, a Intervención emite documento de retención de crédito futuro co número 202100204439 por importe de 111.601,22€ para o ano 2022, con cargo a aplicación orzamentaria 2022/231.2311.227.07, do correspondente orzamento provincial que, por tratarse dunha tramitación anticipada, os gastos que se deriven do mesmo quedarán condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente nos mesmos.

Asemade, na Memoria xustificativa do contrato csv RUVGWJF1HXX09Z8M, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determinase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa Depothermal 2022, que foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno do día 26/11/2021. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico -administrativas.

Por acordo da Xunta de goberno de data 29/10/2021, autorízase a publicación do anuncio de información previa do referido contrato, publicándose no DOUE e no perfil de contratante da Deputación de Pontevedra na mesma data.



Vistos os informes emitidos pola Secretaría Xeral csv VIPUFM08CTOL2WYZ e informe complementario csv 4K8XHQUEAWW4CIV nos que recolle observacións que son informadas pola xefa do servizo de cohesión Social csv 1PDJGIERTW9VBYPJ.

En data 16/11/2021, o servizo de contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro., Xeral Orzamentaria.

Resultando que con data 16/12/2021 a Intervención informa o expediente csv RFRQZ5D99UYP6JKX.

Mediante acordo da Xunta de Goberno número 7.31104 de data 23 de decembro de 2021 acordouse a aprobación do expediente para contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2022*”.

Visto o informe do vicesecretario (csv L06LD1352JS10QRY), de data 29 de decembro de 2021, que constando un valor estimado no expediente de 6.168.391,20 €, e de acordo coa D Adicional. 2ª.1 de la LCSP e as bases de execución do presuposto, a competencia para contratar corresponde ao Pleno.

Visto o escrito do servizo xestor de data 17/01/2022 que sinala que “(...)Sendo a natureza, de tracto sucesivo e cunha diversidade de prestacións directas aos usuarios beneficiarios, suele dar lugar na súa execución a unha multiplicidade de circunstancias e incidencias que pode conlevar a necesidade dunha corrección ou modificación inmediata, ou incluso conlevar a licitar de novo o contrato ante un cambio das condicións esenciais.

Por esta razón planificouse que a duración inicial do contrato fóra de un ano coa posibilidade de tres prórrogas de un ano cada unha, . decidindo transcorrido o ano a conveniencia ou non da súa prórroga.

Por este motivo, se considera que, por razóns de operatividade, eficacia e celeridade, resulta máis conveniente que o órgano de contratación, recaiga na Xunta de Goberno, que as súas sesións teñen unha maior periodicidade e maior axilidade na preparación dos expedientes e toma de acordos.

Por iso se propón a redución a dous das posibles prórrogas, diminuíndo así o valor estimado, o que non acarrea ningún prexuízo nin para o desenvolvemento e execución do programa nin para a xestión do servizo de Cohesión e así se poida acomodar como órgano de contratación, A Xunta de Goberno en función do previsto nas bases de execución do ano 2022”.

Considerando o artigo 156.3 a) da LCSP, que establece que a publicación do anuncio de información previa, permitirá reducir a 15 días o prazo para a presentación de proposicións, nos procedementos abertos suxeitos a regulación harmonizada.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.-Deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno N.º.7.31104, de 23 de decembro de 2021.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada do servizo de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa Depotermal 2022*” organizado pola Deputación de Pontevedra”, de acordo coa seguinte distribución por lotes:

Lote n.º 1: Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes.

Lote n.º 2: Programa termal con pernoita en réxime de pensión completa, de domingo a venres.

O orzamento base de licitación que financia a Deputación, ascende a cantidade total de: 111.601,22€, de acordo co seguinte:

Modalidade asistencia diaria	76.790,70€
Modalidade con pernoita	34.810,52€
Total programa	111.601,22€

E sendo o valor estimado de 4.369.277,10 €

Terceiro.- Autorizar a tramitación do gasto por importe máximo de 111.601,22€ que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 22/231.2311.227.07 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Aprobar o prego prescricións técnicas csv: ZTN8BAT6YTMMBJ66 o Anexo ao PPT Protocolos csv: ZC58EPTVJTM5ZDVT e o prego de cláusulas económico-administrativas csv: SPZ4U6QWLU54Y5K4.

Quinto.- Designar como responsable do contrato á Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Sexto.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de presentación de ofertas que rematará as 10 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao envío do anuncio ao DOUE, tendo en consideración que Anuncio de información previa publicouse no DOUE e no perfil de contratante da Deputación de Pontevedra



16.31169.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTE CALDELAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0407 BORELA – PONTE CALDELAS, DO PQ 8+775 AO PQ 9+000 (CONCELLO DE PONTE CALDELAS)”. (Expte. 2021040634)

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da EP 0407 Borela – Ponte Caldelas que descorre polo Concello de Ponte Caldelas e que ten unha lonxitude de 9.000 m.

Que entre o PQ 8+775 e o PQ 9+000 da EP 0407 Borela – Ponte Caldelas atópase a Rúa Lepanto. Na actualidade a rúa está composta por dous carrís, un para cada sentido de circulación, cunha pequena zona de estacionamento en batería na marxe esquerda da estrada, en fronte á zona de estacionamento do Centro de Saúde, e tramos de beirarrúas discontinuos en ámbalas marxes, cuns anchos que incumpren na actualidade a Lei de accesibilidade de Galicia, atopándonos cunha rúa que ten a maioría da totalidade do espazo público dedicado ao vehículo motorizado, sen itinerarios peonís cuns anchos e unhas calidades desaxeitadas para una zona moi frecuentada diariamente por peóns ó atoparse no centro urbano do Concello de Ponte Caldelas, ter edificacións consolidadas en ámbalas marxes da rúa e servir de acceso a importantes equipamentos municipais como son a Casa do Concello e o Centro de Saúde.

Debido ao mal estado da Rúa Lepanto e velando pola seguridade tanto dos peóns coma dos vehículos, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na EP 0407 Borela – Ponte Caldelas, do PQ 8+775 ao PQ 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)”.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	177.528,99
Presuposto base de licitación	211.259,50
Presuposto base de licitación con IVE	255.624,00



3. Por Resolución da Alcaldía de data 9 de novembro de 2021, núm. 2021-1169, emendada coa núm. 2021-1170 da mesma data e modificada pola de 20 de decembro de 2021, aprobouse o convenio obxecto desta proposta sendo o prazo de vixencia o 31 de decembro de 2023, en lugar do 31/12/2022. Así mesmo, O Concello acordou financiar a súa achega conforme se recolle na Resolución da Alcaldía, de 20 de decembro de 2021:

ANUALIDADE	IMPORTE	FINANCIAMENTO CON CARGO A
2021	15.837,58 €	Subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2021, mediante Resolución Presidencial, de data 04/10/2021.
2022	60.849,62 €	Plan Concellos 2022-23 En caso de que a Deputación de Pontevedra non conceda a subvención ou o importe concedido sexa insuficiente, o Concello financiará este importe con fondos propios
	76.687,20 €	

4. Constan no expediente os seguintes informes dos Servizos técnicos de Infraestruturas:

- Supervisión favorable do proxecto de 27 de setembro de 2021.
- Xustificación das porcentaxes de financiamento e da prioridade da actuación.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao

Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	178.936,80 €	70
Concello de Ponte Caldelas	76.687,20 €	30
Total investimento	255.624,00 €	100



A Deputación financiará a súa achega (178.936,80€) con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02.2021 do orzamento provincial do ano 2021.

A achega do *Concello de Ponte Caldelas* será de 76.687,20 € (30% do importe das obras). Financiarase segundo se detalla:

ANUALIDADE	IMPORTE	FINANCIAMENTO CON CARGO A
2021	15.837,58 €	Subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2021, mediante Resolución Presidencial, de 04/10/2021.
2022	60.849,62 €	Plan Concellos 2022-23 En caso de que a Deputación de Pontevedra non conceda a subvención ou o importe concedido sexa insuficiente, o Concello financiará este importe con fondos propios.
	76.687,20 €	

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.



Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Ponte Caldelas* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTE CALDELAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 0407 BORELA – PONTE CALDELAS. DO PQ 8+775 Ó PQ 9+000. CONCELLO DE PONTE CALDELAS”.

En Pontevedra, a ____ de ____ de 2021.

REUNIDOS

Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Don Andrés Díaz Sobral, alcalde do Concello De Ponte Caldelas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto. Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).



II.- *Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da LBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da LBRL e os artigos 109 e 110 da LALG encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio.*

V.- *Que a Deputación de Pontevedra é titular da Estrada Provincial EP 0407 Borela – Ponte Caldelas, que transcorre polo Concello de Ponte Caldelas e que ten unha lonxitude de 9.000 m.*

VI.- *Que entre o PQ 8+775 e o PQ 9+000 da EP 0407 Borela – Ponte Caldelas atópase a Rúa Lepanto. Na actualidade a rúa está composta por dous carrís, un para cada sentido de circulación, cunha pequena zona de estacionamento en batería na marxe esquerda da estrada, en fronte á zona de estacionamento do Centro de Saúde, e tramos de beirarrúas descontínuos en ámbalas marxes, cuns anchos que incumpren na actualidade a Lei de accesibilidade de Galicia, atopándonos cunha rúa que ten a maioría da totalidade do espazo público dedicado ao vehículo motorizado, sen itinerarios peonís cuns anchos e unhas calidades desaxeitadas para una zona moi frecuentada diariamente por peóns ó atoparse no centro urbano do Concello de Ponte Caldelas, ter edificacións consolidadas en ámbalas marxes da rúa e servir de acceso a importantes equipamentos municipais como son a Casa do Concello e o Centro de Saúde.*

Debido ó mal estado da Rúa Lepanto, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na EP 0407 Borela – Ponte Caldelas. Do PQ 8+775 ao PQ 9+000. Concello de Ponte Caldelas” para dotar á rúa dun espazo público de calidade, realizando un cambio de prioridade co fin de garantir a mobilidade peonil por diante de outros modos de transporte, atendendo de xeito prioritario ás necesidades dos colectivos máis vulnerables: nenos e nenas, persoas maiores e persoas con diversidade funcional, e garantindo a accesibilidade universal na totalidade do ámbito de actuación, dotando á rúa dun espazo peonil amable e de calidade, cuns itinerarios peonís continuos, libres de obstáculos e con ancho mínimo de 2,5 m, e con plataforma única de prioridade peonil entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 ó tratarse dunha zona onde o ancho da rúa non permite realizar itinerarios peonís segregados dos vehículos motorizados. A maiores, coa redacción do proxecto búscase reducir o uso do vehículo a motor na rúa, conseguindo un incremento da seguridade viaria mediante a implantación de políticas de calmado de tráfico, contemplando o proxecto dobre sentido de circulación desde o PQ 8+775 ata a intersección coa Avenida de Galicia e un único carril de circulación desde esta intersección ata o PQ 9+000 da estrada provincial, con sentido de circulación ascendente, mantendo na totalidade da rúa velocidades máximas de 30 km/h, menos na zona de convivencia con preferencia peonil que se contemplará unha velocidade máxima de 20 km/h.



VII.- *Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Ponte Caldelas, e concretamente no tramo da Rúa Lepanto, situado entre o PQ 8+775 e o PQ 9+000 da EP 0407 Borela – Ponte Caldelas, sendo o obxecto principal do proxecto a recuperación desta rúa entregada na actualidade ao vehículo motorizado, realizando un cambio de uso e entregándolle gran parte deste espazo público aos peóns, deseñando a rúa ata a intersección coa Avenida de Galicia con dobre sentido de circulación e beirarrúa de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda, e desde a intersección coa Avenida de Galicia ata o final da estrada provincial cun único carril de circulación, de sentido ascendente, e beirarrúas en ámbalas marxes de ancho mínimo 2,50 metros. A maiores, no tramo comprendido entre os PQ 8+780 e PQ 8+830 da EP 0407, pola existencia dunha zona estreita con edificacións consolidadas en ámbalas marxes da estrada, realízase unha zona de convivencia elevada 10cm con respecto da rasante da estrada actual e con prioridade peonil. Por último, utilizarase para o deseño do novo espazo público pavimentos de alta calidade que dignifiquen a rúa, executando as beirarrúas con bordos e lousas de pedra e a zona de convivencia en formigón coloreado e bandas transversais de pedra, con xardinería e colocación de luminarias modernas e de deseño.*

VIII.- *Que o proxecto contempla tamén a execución de pequenas variacións na rede de pluviais existente, co fin de adaptala ao novo deseño da rúa, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo, e a execución dunha nova rede de alumeadado público con luminarias LED de alto rendemento.*

Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponte Caldelas para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na EP 0407 Borela – Ponte Caldelas. Do PQ 8+775 ó PQ 9+000. Concello de Ponte Caldelas”.

As unidades de obra comprenden a demolición das beirarrúas existentes e o aglomerado necesario para a execución dunha nova rúa deseñada desde o PQ 8+830 ata a intersección coa Avenida de Galicia con dobre sentido de circulación e beirarrúa de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda, e desde a intersección coa Avenida ata o final da estrada provincial (PQ 9+000) cun único carril de circulación, de sentido ascendente, e beirarrúas en ámbalas marxes de ancho mínimo 2,50 metros. A maiores, entre o PQ 8+780 e o PQ 8+830 da EP 0407 o proxecto contempla a demolición do aglomerado existente e posterior execución dunha zona de convivencia elevada 10cm con respecto da rasante da estrada actual e con prioridade peonil. Para o deseño do novo espazo público utilizaranse pavimentos de alta calidade que dignifiquen a rúa, executando as beirarrúas con bordos e lousas de pedra e a zona de convivencia en formigón coloreado e bandas transversais de pedra. Por último, o proxecto contempla os traballos necesarios para executar pequenas variacións na rede de pluviais existente na actualidade, co fin de adaptala ao novo deseño da rúa, así como os traballos necesarios para executar unha nova rede de alumeadado público e o soterramento das redes de telecomunicacións e electricidade existentes na actualidade en aéreo.



Segunda.- Importe.

O importe da presente actuación ascende a douscentos once mil douscentos cincuenta e nove euros con cincuenta céntimos (211.259,50 €), máis corenta e catro mil trescentos sesenta e catro euros con cincuenta céntimos (44.364,50 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de douscentos cincuenta e cinco mil seiscentos vinte e catro euros (255.624,00 €).

Terceira.- Financiamento.

O investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Ponte Caldelas segundo se detalla:

	Achega	%
Deputación de Pontevedra	178.936,80 €	70
Concello de Ponte Caldelas	76.687,20 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	255.624,00 €	100

A Deputación financiará 178.936,80 € (70 %) con cargo a aplicación 22/456.4530.612.02.2021.

A achega do Concello de Ponte Caldelas será de 76.687,20 € (30% do importe das obras). Finansiase do seguinte xeito:

Anualidade	Importe	Financiamento con cargo a
2021	15.837,58 €	Subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2021, mediante Resolución Presidencial, de 04/10/2021.
2022	60.849,62 €	Plan Concellos 2022-23 En caso de que a Deputación de Pontevedra non conceda a subvención ou o importe concedido sexa insuficiente, o Concello financiará este importe con fondos propios.
	76.687,20 €	

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Ponte Caldelas obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto, a maiores das expropiacións previstas. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.
- 4) Achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 anteriores, antes da sinatura do presente convenio.
- 5) Aceptar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de acordo formal de iniciación do procedemento:
 - EP-0407 Borela – Ponte Caldelas, treito do PK 8+780 ó PK 9+000.
 - Treito antigo de 73 metros lineais situado entre os PQ 1+000 e PQ 1+055 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 0207 A Ínsua – Cháin.
 - Treito antigo de 83 metros lineais situado entre os PQ. 3+070 e PQ 3+140 (marxe dereita) da estrada provincial E.P. 0206 Ponte Caldelas – Parada – Xustáns.
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.
- 2) Dirixir, executar e recibir as obras.
- 3) Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.
A comunicación da Deputación ao Concello de Ponte Caldelas da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidas polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 4) Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.

Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de Ponte Caldelas faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.



Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- Proponer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público.*
- Bases reguladoras da execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2021.*
- Demais normativa de obrigado cumprimento.*

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra,

María del Carmen Silva Rego

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,

Carlos Cuadrado Romay”

Polo Concello de Ponte Caldelas,

Andrés Díaz Sobral



Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

17.31170.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CROQUIS DISSENYNS MUNTATGES I REALITZACIONES, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “DESEÑO, PRODUCCIÓN, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DA MUSEALIZACIÓN DO CASTELO DE SOUTOMAIOR” (Expte.2017008073) (Devogarán2021066413)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 01 de setembro de 2017 (Núm. Rex. 2017016702, de data 11/09/2017), adjudicouse o contrato relativo a “*Deseño, produción, subministración e instalación da musealización do Castelo de Soutomaior*” (Expte.2017008073).

Para responder da realización deste servizo, a empresa CROQUIS DISSENYNS MUNTATGES I REALITZACIONES, S.A. (CIF.- A-08757957), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 20.550,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201700124657 de data 07/08/2017.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Turismo Rías Baixas no cal establece que procede a devolución da citada garantía ao cumprir dita empresa satisfactoriamente co obxecto de dito contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa CROQUIS DISSENYNS MUNTATGES I REALITZACIONES, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Deseño, produción, subministración e instalación da musealización do Castelo de Soutomaior*” (Expte.2017008073), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de 20.550,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 07/08/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700124657.

18.31171.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “*PATROCINIO PUBLICITARIO DO FESTIVAL PORTAMÉRICA 2021, CELEBRADO NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2021*” (Expte.2021022892) (Devogarán 2021066868)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 25 de xuño de 2021 (CSV.- OF5KRDVU7EHPDJVP), adxudicouse o contrato relativo a “*Patrocinio publicitario do Festival Portamérica 2021, celebrado no Concello de Caldas de Reis o día 2 de outubro de 2021*” (Expte. 2021022892).

Para responder da realización deste servizo, a entidade mercantil *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.* (CIF.- B-27786045), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.500,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100122701 de data 22/06/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade *ESMERARTE, INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Patrocinio publicitario do Festival Portamérica 2021*” (Expte. 2021022892), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BBVA, por importe de 2.500,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100122701.

19.31172.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “CONTRATACIÓN DE RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A., PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2021”. (Expte. 2021002022). (Devogarán2022000837)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 05 de marzo de 2021 (CSV.- K5VWXZ691ZMNWSX2), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Rías Baixas Comunicación, S.A., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021002022).

Para responder da realización deste servizo, a empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. (CIF.- A-36643674), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.305,79€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100027942 de data 23/02/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcórrense o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Rías Baixas Comunicación, S.A., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021002022), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 3.305,79 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100027942.

20.31173.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A CONTRATACIÓN DE VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN, S.L., PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2021. (Expte.2021002076) (Devogarán2022000854)

Por Resolución Presidencial de data 19 de febreiro de 2021 (CSV.- P935YJCTD1YSBDWC), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Virtual Vedra Comunicación, S.L., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021002076).

Para responder da realización deste servizo, a empresa VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN, S.L. (CIF.- B-94063567), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.000,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100024458 de data 15/02/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa VIRTUAL VEDRA COMUNICACIÓN, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Virtual Vedra Comunicación, S.L., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021002076), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 2.000,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100024458.

21.31174.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SERMOS GALIZA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A CONTRATACIÓN DE SERMOS GALIZA, S.A., PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2021. (Expte.2021003185) (Devogarán 2022000911)

Por Resolución Presidencial de data 04 de marzo de 2021 (CSV.- UVLLA0V98OV6XL6K), adjudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Sermos Galiza, S.A., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021003185).



Para responder da realización deste servizo, a empresa SERMOS GALIZA, S.A. (CIF:A-60301510), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.446,28€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100029120 de data 25/02/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa SERMOS GALIZA, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Sermos Galiza, S.A., para a anualidade 2021*” (Expte. 2021003185), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.446,28 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100029120.

22.31175.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA CONSECUCENCIA DUNHA CAÍDA DUNHA PERSOA NUNHA BEIRARRÚA DO CONCELLO DE CAMBADOS (Expte. 2021004251)

Dada conta que con data de rexistro 07/12/2020 (núm. rex. 2020027849), o *Concello de Cambados* remite a esta Deputación, por ser o lugar no que presuntamente sucederon os feitos de titularidade provincial, a solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Alejandro Barreiro Prol, por lesións producidas por mor dunha caída ocorrida o día 12/02/2020, a consecuencia dunha baldosa levantada na Avda. do Salnés, no Concello de Cambados, e que foi cuantificada economicamente en 2.800 €.



Resultando.- Que con data 28/01/2021, e con fundamento nos artigos 5.6 e 18 da Lei 39/2015, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse ó interesado para que no prazo de dez días subsanara a instancia aclarando a data na que tivo lugar a caída e indicando o lugar exacto da mesma, sinalando algún punto de referencia próximo ou aportando fotografías do lugar, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021001669 de data 29/03/2021, decretouse a perención do procedemento ó non cumprimentarse o referido requirimento.

Resultando.- Que contra a citada resolución de arquivo, na data 15/04/2021, interpúxose por D. Alejandro Barreiro Prol recurso de reposición xunto ó que aporta fotografías do lugar exacto e concreta a data da caída no día 11/02/2021.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021002203 de data 23/04/2021, estimouse o recurso presentado, admitindo a documentación aportada e continuando o procedemento.

Resultando.- Que con data 27/04/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 31/05/2021, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- A Avenida do Salnés no Concello de Cambados está situada dentro do trazado da estrada E.P. 9003 VARIANTE DE CAMBADOS que pertence á rede provincial de estradas.

SEGUNDO.- Este Servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación. Dende o 1 de xaneiro de 2017 ata a data de hoxe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial.

TERCEIRO.- Descoñécese a causa do desperfecto na beirarrúa pero hai que ter en conta o paso do tempo dende a execución das beirarrúas.

CUARTO.- Informarlle que a conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración (da Deputación de Pontevedra neste caso), vén determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

O mantemento da beirarrúa no treito urbano da estrada provincial facíase de xeito rutineiro a través dos servizos municipais.

A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas nese tramo correspondería por tanto ao Concello.

QUINTO.- O propio Concello de Cambados asume como urbano o tramo desta vía provincial como se demostra no documento asinado o 27 de abril do presente ano solicitando a limpeza de todos os seus viais provinciais a excepción do reclamado no presente escrito.



Xúntase a citada solicitude realizada polo Concello de Cambados o 27/04/2021 a esta Deputación, que literalmente di:

“Coa chegada da primavera a vexetación está medrando con maior rapidez e o aspecto das vías principais do noso Concello presentan un estado visual moi malo. Dende as distintas administracións debemos actuar coa maior celeridade para evitar que a maleza prolifere polas nosas vías e por tal motivo solicitámoslle como entidade competente nas vías de titularidade autonómica, que procedan á limpeza e desbroce nas seguintes estradas:

- E.P. 9004 Corvillón-Tragove
- E.P. 9005 Corvillón-Tremoedo
- E.P. 9002 Fefiñáns-Oubiña
- E.P. 9506 Barrantes-Vilariño
- E.P. 9006 A Bouza-O Facho
- E.P. 9001 Castrelo-Couto de Abaixo

Agradecemos a súa colaboración esperando a súa actuación na maior brevidade de tempo posible”.

SEXTO.- Por todo o anteriormente exposto, non existía ningún antecedente que xustificara sinalización por parte deste servizo nesa rúa nas datas sinaladas.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeira

Daniel Romay Díaz

Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais _____

Resultando.- Que con datas 15/10/2021 e 09/11/2021, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación ó Concello de Cambados para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, constando comparecencia do citado Concello na sede electrónica, representado polo certificado dixital receptor titular 35473508X Fátima Abal, nas datas 15/10/2021 e 12/11/2021, respectivamente, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera obtido resposta ó citado emprazamento.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na cumprimentación de requirimentos, á cumprimentación de alegacións e/ou comparecencias ós emprazamentos e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

